

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

6º de Educación Primaria

Curso 2021 - 2022

Introducción .....	3
1. Marco legal .....	5
2. Contexto .....	5
3. Características do alumnado .....	7
4. Atención á diversidade .....	8
5. Obxectivos .....	9
6. Competencias clave .....	11
7. Contidos .....	13
8. Elementos transversais .....	13
9. Programas educativos .....	15
10. Actividades complementarias e extraescolares .....	17
11. Metodoloxía .....	18
11.1. Principios metodolóxicos xerais .....	18
11.2. Actividades de e-a .....	19
11.3. Medios e recursos .....	19
11.4. Organización de espazos .....	20
12. Avaliación dos procesos de e-a .....	20
Anexo I. Indicadores de logro .....	23
Anexo II. Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias por áreas. Metodoloxía específica de cada área .....	26
- Mínimos esixibles nas diferentes áreas.	

\*Apartados que sufriron modificacións\*

## 2.CONTEXTO.

Profesorado que imparte docencia no 6º nivel no actual curso, 2021 – 2022:

- Castelo Pérez, Nuria (titora)
- Lobagueira Martínez, Mª Enriqueta (Lingua Estranxeira: Inglés)
- García Nieto, Santiago (Educación Musical)
- Collazo Lorenzo, Mónica (Educación Física)
- Agrafojo Fernández, Mª Jesús (Relixión Católica)
- Martínez Rodríguez, Mª Pilar (Orientadora)
- González Miguéns, Roberto (Pedagogía Terapéutica)
- Maroñas Núñez, Natalia (Audición e Linguaxe)

### **3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.**

No vixente curso, contamos con 23 alumnos e alumnas matriculados en 6º de Educación Primaria. Ningún deles é repetidor do último nivel da etapa; pero 8 deles repetiron algún nivel anterior da etapa.

### **9.PROGRAMAS EDUCATIVOS.**

Os proxectos e plans de centro continúan na mesma liña do curso pasado, dentro dun propio proceso de afianzamento no colexio; destaca a continuidade coa metodoloxía no emprego das ferramentas vinculadas ao programa de Educación Dixital: E-dixgal; fomentando a competencia dixital entre o alumnado e o emprego crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. No vixente curso ímonos centrar especialmente en adquirir competencias no traballo con fontes abertas de información e datos, así como no emprego destas ferramentas en beneficio dos procesos de estudo e aprendizaxe. En colaboración coa Biblioteca do centro, poranse en marcha talleres e proxectos para desenvolver a competencia informacional e mediática entre o alumnado; camiñando na mesma liña que a propia Radio do centro. Fomentando á par: competencias lingüísticas (tanto escritas como orais), sentido crítico e hábitos de traballo en grupo.

En canto á Biblioteca do centro, continúaase coas liñas que fomentan o hábito lector e o emprego deste espazo polo alumnado. Cabe comentar, que o Proxecto documentado integrado deste curso vaise centrar no traballo co ámbito do mar, contextualizando na propia vida cotiá do alumnado do concello de Noia. Establecerase unha relación entre as diferentes conmemoracións que se realicen no curso coa temática mariña, enfocando as actividades, proxectos, celebracións... dende unha perspectiva colectiva a nivel de centro e dende un plano transversal.

### **12. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE APRENDIZAXE.**

Realizarase dende un enfoque continuo e global, tendo en conta a lexislación citada e o progreso no conxunto das áreas. Partindo a intervención dos datos e resultados das avaliacións iniciais que se realizan durante os quince primeiros días de clase, nas diferentes materias.

Neste ámbito terá unha importancia transcendental o traballo diario na aula e a actitude do alumnado; empregaremos tres técnicas principais de seguimento; en primeiro lugar a observación sistemática e diaria do alumnado, tomando as notas que se consideren para poder ir analizando a súa evolución, tanto a nivel de comportamento, como de intención e ganas de aprender e avanza, así como a súa relación cos demais e respecto das normas de convivencia de centro e aula. Por outra banda, empregaremos o análise e

revisión dos diferentes materiais, proxectos ou traballos que vaian realizando ao longo do curso, tanto os individuais como os colectivos, tomando nota dos papeis que desenvolven dentro do grupo clase e da súa implicación en mellorar de xeito progresivo. Especial importancia terá o coidado e presentación, a orixinalidade e o emprego (crítico e responsable) dos medios dixitais que empregaremos. Finalmente, desenvolverase unha proba escrita por cada materia ao final de cada un dos tres trimestres, para comprobar o nivel de dominio dos contidos estudados ata ese momento, dende un enfoque competencial e con carácter de continuidade co que xa se avaliara no/nos trimestres anteriores.

Cabe destacar, que se lle dará un especial importancia á implicación directa do alumnado no seu propio proceso de avaliación. Ao longo dos tres trimestres desenvolveranse diferentes tarefas de valoración e estudo persoal, para que os alumnos e alumnas reflexionen sobre a súa propia actividade e actitude e, para que a mestra sexa coñecedora da perspectiva do alumnado sobre si mesmos e sobre o seu esforzo e dedicación.

Tendo en conta estes aspectos, a cualificación do alumnado lograrase atendendo aos seguintes porcentaxes:

- Probas escritas: 60% da calificación.
- Producións do alumnado: 20% da calificación.
- Actitude e comportamento do alumnado: 20% da calificación.

### **\*MÍNIMOS ESIXIBLES, POR MATERIAS.**

#### **CIENCIAS NATURAIS.**

- B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos naturais, facendo predicións sobre os sucesos naturais; integrando datos de observación directa e indirecta a partir da cultura de fontes directas e indirectas, e comunicando os resultados en diferentes soportes.
- B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
- B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.
- B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.
- B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.

## CIENCIAS SOCIAIS.

- B1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- B1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.
- B1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.
- B2.1. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.
- B3.1. Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.
- B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.

## LINGUAS E LITERATURA. (Castelá e Galego)

- B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.
- B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.
- B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.

## MATEMÁTICAS.

- B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.

- B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.
- B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).
- B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.
- B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.

#### VALORES CÍVICOS E SOCIAIS.

- B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando As emocións de forma positiva.
- B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.
- B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
- B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.
- B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.

#### EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA.

- B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.
- B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.
- B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.